



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Volvémonos ver, amigas e amigos, neste escenario da escrita cando xa polas nosas fiestras podemos contemplar o esplendor da primavera. Unha oferta da natureza que debemos agradecer e coidar, para que ecoloxicamente non se desvirtúe, ao revés. Unha realidade creatural a primavera, que nunca tanto coma nestes tempos desexamos tamén no seu simbólico significado persoal, social, político, eclesial. Estamos sedentos de vida a todos os xeitos. Os marcadores que acompañan os nosos amenceres e solpores non nos permiten durmir tranquilos nin abundar en soños ditosos. Deitámonos e non sabemos con que nova, mala nova, podemos espertar.

Aínda así ousamos vivir en esperanza. E non xa polo que de nós mesmos poidamos dicir,

ou desdicir, facer ou desfacer, senón polo aquel misterioso que desde o alén nós aniña en nós e nos doa sen réditos ese plus de humilde ousadía, que nos permite adiviñar ronseis de luz no medio da noite embravecida. Bendita primavera, logo, amigas e amigos, no que en si é e no que aventura.

1.- Respecto e coherencia

Foi o mesmo día da noite vella 2024. A espera do toque das doce badaladas do reloxo da Porta do Sol en Madrid foi animada por Lalachus e David Broncano, dous humoristas que participan intensamente no programa de humor *La Revuelta* de RTVE. Nun momento da trouleada a rapaza exhibe unha postal do Sagrado Corazón de Xesús que leva a cabeza da vaquiña do Grand

Prix. E xa estamos. Deseguida Avogados Cristiáns presentan querela contra un directivo de RTVE e contra a tal Lalachus; o Presidente da CEE Luís Argüello quéixase de que «coa coartada da liberdade de expresión e os excesos das festas, TVE faga burlas do Sagrado Corazón»; o bispo de Sevilla solta un queixoso «ata cando se aproveitarán da nosa paciencia», e houbo máis bispos que se sumaron á queixa; mesmo un cura de Cuntis, aquí en Galicia, organizou un acto de desagravio ao Sagrado Corazón. Perfecto, non sería isto xustamente o que os humoristas querían provocar?

A quen isto escribe ocórren-selle varias cousas. Que se estraña de que D. Luís Argüello non recorde que el mesmo lle quitara ferro a unha cantiga obscena, instando ao abuso de nenas(!), por aquilo de que eran días de festas e moito beber, e xa se sabe. Que paciencia tamén ha de ter, e moita, connosco quen espere ver en nosoutros un reflexo vivo do Sagrado Corazón. Que, se nos poñemos a razoar e organizar necesarios actos de desagravios, habería moitos para facer e pouca xente

que os poida facer con coherencia. Que, ben, que igual a tal Lalachus podía ser un pouco máis respectuosa na súa escolla, sabendo como debe saber que para moitas persoas é tan serio que se fagan esas bromas devotas como para ela o sería –e con razón– que se mofasen das súas carnes gordechas. E que, vaia, igual ata ao mesmo Xesús lle encantaría en horas de gozo popular facer rir á xente portando careta vacina, pois a tradición ben aceptou que no seu nacemento houbera unha marela quentándolle o corpo co seu bafo.

E digo isto –e como reo me inclúo xa de entrada–, intentando decatarme de que a representación relixiosa máis viva da persoa de Xesús de Nazaré non o son as estampañas que reproducen a imaxe do seu corazón. Para as persoas cristiás, por criterio e palabras de Xesús, a santísima icona de si mesmo sono os rostros, os corpos, os espíritos da xente empobrecida, o seu presente, o seu futuro. E cantas veces facemos burla deles, pasando de largo ante as súas situacións puntuais e desentendéndonos das alternativas estruturais que poderían dar

resposta á súa indixencia! E iso non nos avergoña, non nos escandaliza?

2.- A estampíña do mesías

E, velaí, cando andaba a voltas co anterior, atopei nas redes casualmente unha estampíña composta desta maneira: no centro, sentado, con rostro melifluo, Trump; detrás del, de pé, a figura de Xesús, o de Nazaret, que pousa amigablemente as mans sobre os ombreiros de Trump, xesto ao que este corresponde acariñando suavemente coas súas mans as de Xesús.

Pero isto non ía de chacota nin de comedia. Representaba un fondo convencemento que pasa pola cabeza do rexedor estadounidense e de millóns e millóns dos seus concidadáns: Trump é o enviado de Deus, o mesías, para liberar os EE.UU. e cos EE.UU. como líder universal, todo o mundo. Quedou claramente confirmado cando Trump por milímetros se libra da bala asasina no mitin de precampaña. Esta usurpación de persoa e de rol si que é un verdadeiro escándalo, ante o que igual reaccionamos dicindo simplemente: unha toleada de

Trump e de quen o segue sen concesións.

Pero que hai detrás deste personaxe esperpéntico, excéntrico, inmoral, pendente de xuízos por delitos dos que loxicamente quedará exonerado? Que hai detrás desa poboación que en maioría esmagadora aposta por unha persoa así para gobernar o país e boa parte do mundo? Quen son os católicos, evanxélicos, metodistas, testemuñas de Xehová etc. que se poñen nas súas mans no nome de Deus? Un país de loucura para un mundo que camiña cara a ela. E, iso si, sempre coa relixión polo medio, intentando atopar nela os soportes necesarios, imprescindibles para que unha tolemia teña cores de redención.

Porque no fondo isto é o que hai (iso polo menos pensamos nós polo que se vai vendo e oíndo): empregar todos os recursos posibles, ética a un lado, para conseguir que o gran capital non teña fronteiras, poida abranguer ideas, terreos, pobos, credos, vidas, con tal de se facer hexemónico con personaxes hexemónicos á fronte. O proxecto de Trump cos millóns

que o apoiaron é a antítese do proxecto do Papa Francisco ofrecido á comunidade internacional na *Fratelli Tutti*. Ao «todas irmás e irmáns» de Francisco –persoas, pobos, razas, clases sociais, credos relixiosos– como don e como tarefa urxente, oponse o todos dependentes dos intereses de quen –persoa ou pobo– se cre o dono e redentor do mundo.

Parece que Trump non pertence a ningunha confesión relixiosa concreta, pero iso non quita para que se arrime aquí ou alí, a tales persoas ou a tales outras cando lle convén. En todo caso a súa visión do feito relixioso é unha visión tradicionalista, no senso pexorativo da palabra. Manda de embaixador ao Vaticano a Brian Burch, presidente e cofundador de *CatholicVote.org*, que pretende inspirar os católicos de todo o país para que leven a súa fe á vida pública e que se presenta como «a principal organización católica de defensa dos dereitos humanos en EE.UU.», pero da que outros, a web da arquidiocese de *Los Ángeles* por exemplo, afirman: «*CatholicVote* é unha organización de tendencia dereitista que apoiou a candi-

datura presidencial de Trump; atópase entre varios grupos de defensa política que empregan a palabra «católico» nos seus nomes e que se apoian en boa medida en imaxes católicas, aínda que non son entidades oficiais da igrexa.»

Parece indiscutible que Brian Burch é un fervente católico, se podemos dicir así a quen é moi crítico co papa; cuestiona a súa autoridade e tamén a iniciativa sinodal; defensor do cardeal Müller e do que fora nuncio nos EE.UU. do 2011 ao 2016, Carlo M. Viganò, excomulgado despois por cismático. Fe, vida (non ao aborto) e familia son os seus focos de actuación, postos neste caso ao servizo dos republicanos. Tamén fe, vida e familia son puntos fortes do Papa Francisco, pero postos ao servizo dunha comprensión do mundo como un espazo total de irmandade. Que a cousa cambia moito, abofé!

E nesta liña se situou claramente a bispa episcopaliana de Washington, Mariann Budde, na homilía que pronunciou no oficio ao que Trump asistía. Homilía moi do desagrado do presidente que manifestou que

a tal bispa debía pedir desculpas polo alí dito; homilía que provocou que lle chegasen ata ameazas de morte por parte de seguidores trumpistas. Neste mesmo número podedes ler a texto completo da mesma e tamén mostras do movemento de adhesión que está apoiando a Mariann Budde.

Rematada esta Crónica, soubemos da insultante proposta de Trump de baleirar de palestinos a franxa de Gaza e de crear alí un refinado espazo de recreo para os ricachóns do mundo. Un segundo xenocidio do pobo palestino máis aberrante e doloroso do causado pola destrución bélica. Pero tolemia non lle falta como para poder facelo, como xa fai encarcerar emigrantes ilegais en Guantánamo.

3.- Un paso máis: unha muller ministra

O día de Reis, 6 de xaneiro, anunciábase no Vaticano que unha relixiosa accedía ao alto cargo de Prefecta (ministra) do Dicasterio (Ministerio) para os Institutos de Vida Consagrada e das Sociedades de Vida Apostólica. Tratábase de Sor Simona Barambilla, italiana, 60 anos,

doutora en psicoloxía, que xa exercera cargos de moita responsabilidade da súa propia congregación e que mesmo traballara como secretaria no dicasterio que agora preside. Na súa tarefa irá acompañada polo cardeal salesiano español Ángel Fernández Artime.

Se pensamos que o número de relixiosas no mundo (599.228) máis que triplica o número de relixiosos (177.973), mesmo parece razoable que sexa unha muller e non un home quen presida este dicasterio; dicasterio que ten a finalidade do coidado dos institutos relixiosos, das ordes e congregacións relixiosas e das sociedades de vida apostólica; con tarefas como aprobar os estatutos dos institutos que se vaian creando, acompañalos na fidelidade ao seu propio carisma e mesmo cousas tan concretas como a dispensa dos votos relixiosos.

Antes os cargos de prefecto sempre eran encomendados a arcebispos ou cardeais. Se se lle asigna a Sor Simona un cardeal como pro-prefecto, non parece que sexa porque se dubide da competencia da relixiosa, senón para poder responder a posibles

situacións nas que, por norma do dereito canónico, teña que ser un «ministerio ordenado» o que resolva o caso.

Ben, parece que estamos ante un paso máis do Papa Francisco para ir abrindo os espazos de poder de decisión a mulleres dentro da Igrexa. Ata o de agora, entre outros servizos menores, as encomendas máis altas dadas a mulleres foron no 2016 a dirección dos Museos Vaticanos encomendada a Bárbara Jatta, e no 2022 a Secretaría Xeral da Gobernación a Raffaella Petrini.

O criterio xeral, anunciado xa na Constitución Apostólica do 2022 *Praedicate Evanxelium*, é que calquera leigo, home ou muller, pode dirixir un dicasterio, a non ser nos casos nos que algunhas funcións dese dicasterio demanden que o dirixa quen sexa ordenado, polo tanto, unicamente un home. E iso «porque os cargos directivos na curia dependen da posición xerárquica, non están vencellados á ordenación, senón que se xustifican só polo mandato conferido polo Papa». Esta sería a ensinanza dalgunhas universidades católicas, segundo afirma

Lorenzo Prezzi, pero este mesmo autor, aínda valorando a decisión do Papa, recoñece que co Código de Dereito Canónico na man nestes momentos iso non sería posible¹.

Tamén en xaneiro, o día 16, anunciábase no Vaticano o próximo nomeamento doutra muller, Raffaella Petrini, tamén monxa, monxa franciscana, como presidenta da Comisión Pontificia para o Estado da Cidade do Vaticano. Substitúe no cargo, que vén a ser o de Alcaldesa, a quen o fora ata o de agora, o cardeal español Fernando Vérgez. A cidade-estado, aínda que só poboada por 600 habitantes, ten un extraordinario movemento en moitos sentidos e demanda moitas e boas habilidades para o seu axeitado goberno.

Parécenos un paso ben positivo. É moi importante que postos de poder de decisión poidan ser exercidos por leigos, homes e mulleres. O feito de teren que ir compartindo polo menos parte de poder pode ser

¹ Para quen queira entrar nestas diferenzas, <https://www.cittadellaeditrice.com/munera/un-donna-prefetto-al-prezzo-di-una-confusione-normativa/>

algo moi san para axudar a curar o ministerio ordenado da seria tentación de arrimarse ao poder desde a prestancia do servizo sacerdotal; e co tempo o feito igual nos abre os ollos, a intelixencia, o corazón para concluír que por que tantas reviravoltas, por que quen pode manexar con eficiencia un dicasterio –ou outro calquera espazo de poder/servizo– non pode acompañar coa mesma eficiencia o servizo sacramental dunha comunidade. Se unha muller levou o noso Señor no seu seo, se o pariu, se o criou, se o formou na fe, non será quen de representalo con máis autenticidade ca ninguén? En todo caso, todo parece que as reticencias son máis nosas ca non do mesmo Xesús, que nin se imaxinaba o organigrama eclesial que fomos construindo, igual, quen sabe, con criterios abondo humanos.

4.- A tentación da muller de Lot

En Xén 19, 12-29 nárrese como Deus destrúe Sodoma e Gomorra con todos os seus habitantes e como exclúe do exterminio a Lot con muller e fillas, co mandato, iso si, de non miraren para atrás durante

a fuxida. A anónima muller de Lot mira para atrás e queda convertida en estatua de sal.

Isto, que parece unha «lenda etiolóxica local, para dar razón de penedos salinos, de formas caprichosas, da bisbarra de Sodoma»²; isto, que volve escoller a muller como elemento fráxil, desobediente a Deus (vaia por Deus!), pódenos valer para falar dunha tentación frecuente nas vidas das persoas e das institucións: volver a vista atrás. Na Igrexa deuse isto en moitas épocas, e estase a dar especialmente a partir do Vaticano II, como forma de protesta e resistencia aos cambios fondos que o Concilio demandaba de nós. E hai, xaora, outras tentacións a maiores da de mirar para atrás.

Levamos meses seguindo o recorrido das monxas clarisas de Belorado, orgullosas, parece, de querer ignorar cen anos de historia, sen recear entusiasmarse con formas obsoletas de rezar e de vivir, de pensar e de soñar, por máis que os soños sexan sempre libres. A ver en que acaba a historia. Oxalá que non en irmás convertidas en estatuas de sal.

2 A Biblia, Ed. Sept, 2024.

Pero falamos disto pensando precisamente nun dos primeiros decretos firmados xa por Sor Simona, a poucos días do seu nomeamento como Prefecta. Firmouno para designar como delegados pontificios a José Antonio Satúe, bispo de Teruel-Albarracín, e a Sor Clara Echarte, coa misión de intervir a rama masculina do Instituto do Verbo Encarnado e tamén a rama feminina, as Servidoras do Señor e da Virxe de Matará. Foran fundados no 1984 en Arxentina polo sacerdote Miguel Carlos Buela, denunciado por abusos de pederastia cos seus seminaristas durante décadas. Estes feitos foron recoñecidos polo Vaticano no 2016 e Miguel Carlos foi obrigado a deixar a dirección do Instituto que fundara e tivo que fixar a súa residencia en Italia, sen poder exercer como sacerdote; morreu en abril do 2023.

Aínda así, a día de hoxe, os responsables actuais do mesmo Instituto manteñen a devoción e case culto polo seu fundador, sen admitir tales feitos inmorais e delituosos, e argumentando que están sendo obxecto dunha persecución infundada. A máis diso, en visitas anteriores outros

delegados detectaron tamén un moi feble sistema do proceso de formación dos candidatos e unha moi limitada capacidade nos mesmos formadores. Como resultado, uns sacerdotes e relixiosas que caen na tentación de ollar para atrás en forma e fondo. E, mira ti, houbo bispos españois que, estando así as cousas, pasaron tamén por riba de todo e facilitáronlles a implantación nas súas dioceses. De aí vén a seria intervención pontificia, que, por exemplo, prohíbe que durante tres anos se reciba a ninguén que queira formar parte de tal institución, á espera de poder reestruturar moitas cousas que parecen estar no aire. E os aires opinan que o van ter complicado.

Sobre disto, lembremos o gravísimo tema do Sodalicio, do que xa falamos na Crónica anterior, e foi disolvido en breve como tal sociedade de vida apostólica. E, sen chegar as augas tanto ao lonxe, tamén resultou rechamante o cese do bispo francés de Fréjus-Toulon, Dominique Rey, 72 anos, a través dunha renuncia forzada polo Vaticano. Os pasos previos foron a prohibición de ordenacións sacerdotais, xa no 2022,

e o nomeamento dun bispo coadxutor, François Touvet, con amplas responsabilidades na xestión, na formación dos seminaristas e na economía. Pero, aínda así, xa no 2023, pediu-lle o Papa que renunciase ao seu labor de bispo. Neste caso, non parece que fose tanto por «mirar moito para atrás» como polo que poderíamos chamar certas «rarezas» pastorais. E tampouco neste caso a reacción de Dominique Rey foi a insumisión, nin sequera a protesta, senón que fixo pública confesión de aposta pola obediencia e a unidade eclesial.

Supoñemos que xa se terá feito un sólido estudo sobre o porqué de que bastantes dos movementos católicos nados na Igrexa nos tempos do posconcilio se desenvolvesen con formatos internos e mesmo externos moi similares, e tamén de que boa parte deles acabasen rotos desde dentro, pese á aparente prosperidade do intento, e parece que por similares comportamentos dos seus máximos dirixentes, incluído sempre o mesmo fundador ou fundadora. Repítense os abusos de poder, a absorción de ideais, soños, vontades, espíritos e tamén

corpos incluso no formato máis lascivo. Repítense unha evidente falla de madurez persoal, que supón procesos individuais e logo colectivos non contrastados polo deserto e a cruz (como o vivido polo mesmo Xesús), non purificados por un intenso discernimento como Ignacio de Loiola, non liberados pola pobreza do éxito e do aplauso como Carlos de Foucauld, non sufridos polo mesmo cativerio como Xoán da Cruz. E así de éxito en éxito cara ao descalabro total, para individuos e comunidades. Que mágoa! Cantas enerxías mortas, cantas vidas desfeitas, canto antitestemuño desolador! Que ben que igual que temos aprendido, e tanto, das ordes, congregacións, fraternidades que se construíron rexamente sobre os bos cimentos evanxélicos, oxalá, repito, poidamos aprender outro tanto de todos estes movementos que por fortes carencias do Espírito acabaron sendo o que nunca soñou, digo eu, quen os fundou.

Escrito o texto anterior, meditando un diario do irmán Christophe, monxe de Tibhirine, asasinado en Alxerxia no 1996 (*El soplo del don*, p. 45), atopei este texto citado por el,

que me pareceu revelador, e que verto ao galego:

«Non o exceso do heroe que se embriaga de si mesmo e queda pechado como nunca no seu orgullo tras da súa exaltación. Senón o do santo que, liberándose de si mesmo, agancha ata os cumes máis altos na medida en que descende pola humildade máis profunda. O Evanxeo non ten outro espírito que o Espírito de santidad entregado polo Crucificado no seu derradeiro sopro» (Bernard Ronze, *Faire la vérité*, p. 101).

5.- E dálle!

No tema da homosexualidade deuse un novo remexido nestas últimas semanas, con cousas nas que igual non paga a pena pararse, pero con outras que igual si. O día tres de xaneiro a Asociación Española contra as Terapias de Conversión denuncia sete dioceses españolas por botar man delas con persoas homosexuais. Esas dioceses serían Madrid, Barcelona, Valencia, Getafe, Alcalá de Henares, Sigüenza-Guadalajara e Málaga. Todos negan esas terapias, argumentando nalgúns casos que desde o mesmo Vaticano están prohibidas.

O bispo de Cuenca José María Yanguas instara os curas da súa diocese a asistiren a unha charla que o 21 de xaneiro había dar na igrexa de San Fernando de Cuenca o grupo ultracatólico de orixe estadounidense *Courage Internacional*, que desde hai uns 40 anos fai apostolado acompañando a persoas homosexuais que queren cumprir coa Igrexa. Ante presións dalgúns grupos sociais, manifestándose ante a porta da mesma igrexa onde se había dar a charla, o bispo suspende o acto o día 20.

A todo isto, xa o día 11 de xaneiro coñecemos a nova de que desde o Vaticano se autorizaba o episcopado italiano para que nos seminarios puidesen entrar varóns homosexuais coa vontade de seren sacerdotes, comprometéndose, xaora, a unha vida de castidade no celibato; facíao con estas palabras: «Os aspirantes ao sacerdocio non deberán ser descualificados en virtude da súa orientación sexual». Algo moi distinto do transmitido naquel comentario algo inoportuno do papa Francisco o 20 de maio do pasado ano, cando nunha asemblea do episcopado daquel país pedía aos bispos que non admiti-

sen seminaristas homosexuais «porque xa había mariconeo abondo.»

Ben, despois o 22 de xaneiro o Presidente da CEE Luís Argüello recibe a ministra de Igualdade, Ana Redondo, que lle demandara verse con ela para falar destes asuntos, porque consideraba que por parte da Igrexa se estaban desenvolvendo prácticas que ían contra a igualdade das persoas en base á súa condición sexual. Referíase en concreto ás ditas Terapias de conversión. Luís Argüello negou que na Igrexa se botase man desas terapias, aínda que si defendeu o proxecto *Transformados*, que serían máis ben charlas de formación para vivir cristiamente a propia sexualidade, valorando a abstinencia sexual e fomentando as prácticas relixiosas.

Tamén se lle queixou Ana Redondo de que se estivese denegando a comunión eucarística a persoas pola súa condición homosexual, ao que o Presidente da CEE contestou que iso non era certo; que, se a alguén se denegaba a comunión era por non estar en graza de Deus, cousa que se lle exige a

calquera persoa que comungue. A pregunta da ministra viña a conto do acontecido en Torrecaballeros, Segovia, que agora resumimos.

Posiblemente a día de hoxe quen nos lea saberá de sobra quen é Rubén García de Andrés. Por se acaso, saibamos que Rubén era un home novo, homosexual, alcalde do concello de Torrecaballeros en Segovia, que estaba tendo unha implicación total na parroquia, incluso animando celebracións da Palavra; convivía coa súa parella e recibía a comunión sen problema ningún, co coñecemento, xaora, do seu párroco. Pero tanta harmonía veuse abaixo cando nunha localidade veciña alguén denuncia ante o bispado o feito de que outro homosexual, que tamén convive coa súa parella, reciba a comunión, e desde arriba comunicánlle a prohibición de o facer. Rubén protesta por iso ante o bispado, e desde o bispado dinlle que de agora en diante conte co mesmo para el. O excomulgado fai pública a súa situación argumentando que é excluído da comunión por ser homosexual; o partido socialista fai causa co seu militante e a isto responde

o bispado que non se decide iso porque Rubén sexa homosexual, senón por vivir indebidamente en parella con outro homosexual; o mesmo que se lle prohibiría comungar a calquera parella que non o sexa previo un casamento sacramental.

A todo isto, Segovia tiña nese intre un bispo xubilado, á espera de que *Jesús Vidal*, bispo auxiliar de Madrid, se fixese cargo da diocese, cousa que sucedeu o 18 de xaneiro. Na súa homilía, nun momento referiuse ao ofrecemento evanxélico de «perdoar a todos, a todos, todos, todos»; alguén interpretou esta insistencia como unha palabra de apertura referida ao acontecido na súa na diocese da que xa é pastor, pero pensamos que o contexto da homilía non daba para tanto.

En fin, e nestas andamos. Queixábase Rubén García de Andrés porque desde había tempo convivía coa súa parella, colaboraba na Igrexa, comun-gaba e ninguén llo prohibira. Parece que foi a denuncia a que destapou a práctica inadecuada, cando se estaba aceptando con certa normalidade. Si que lle dixeran que non presidise cele-

bracións da Palabra, cousa que aceptou.

Realmente, non hai aceptación de persoas por condición sexual? A cantas persoas se ten negado a comunión por cousas distintas da condición sexual: homosexual en parella ou parellas heterosexuais que conviven sen casaren pola Igrexa? Non vén, xa de ben vello, unha obsesión entre nós co tema da sexualidade? E non digo, non, que non haxa que coidar esa área da nosa condición humana, tan preciosa en si, tan fráxil en nós.

O noso pensar, e podemos estar equivocados, é que unha persoa homosexual, dada a súa condición natural, ten todo o dereito a vivir en parella. Se ten todo o dereito a así facelo, debería recoñecerse dalgunha maneira a súa condición de persoa casada ou convivinte, chámeselle ou non matrimonio, e, en consecuencia, non habería razón ningunha para lle negar a comunión por ese motivo.

E habería aínda que pensar se ese Xesús, amigo de compartir mesa e conversa con xente publicamente recoñecida como pecadora –co que compartir mesa significaba nos

seus tempos, e aínda, en parte, hoxe—, realmente negaría o seu pan, o seu ofrecemento de amizade amante, entregada, a algunha persoa pecadora que se achegase a el cun mínimo de busca, de desexo, de sentido. Eu diría que non. Unha vez máis o Xesús rompedor, escandaloso, dos evanxeos volveríanos escandalizar mesmo a quen cremos que estamos defendendo as súas propostas. Xesús, ademais de lle dar o pan, seguro que lle sabería tocar o corazón para iniciar con el un proceso de amizade, que sabe Deus ata onde chegaría. Condenar, excluír é moi doado. Non o é tanto chegarlles ao fondo ás persoas que con máis ou menos vontade se achegan ás portas do misterio. Pero este vai ser cada vez máis o noso reto se queremos ser unha Igrexa de Xesús útil para o mundo.

6.- De títulos e honores

Hai uns días chegounos unha noticia que posiblemente a moitos lectores lles parecería cousa insignificante: o bispo de Zamora, Fernando Valera Sánchez, deixa o pazo bispal como lugar da súa residencia e vai vivir a un piso de 75 m cada-

dos; o pazo bispal pasa a ser casa comunitaria para sacerdotes válidos que queiran compartir espazos, servizos e vida. Para os sacerdotes maiores, que teñan algún tipo de dependencia, o bispado ten tamén unha residencia apropiada.

Un detalle pequeneiro, se queremos, pero moi significativo; un detalle ademais que confirma o talante evanxélico que se vén desenvolvendo este bispo na súa diocese desde a súa ordenación como tal no ano 2020; lembremos, senón, a súa postura decidida desde o primeiro momento para escoitar, acompañar, apoiar, con todas as consecuencias, as persoas vítimas de abusos sexuais do clero. Moi ben por esta iniciativa simple, pero ben significativa. É hora de empezar a tirar por terra, como cousa non evanxélica, ese aire de grandeza de señores feudais no que os bispos se foron envolvendo século tras século. O pazo bispal é un símbolo xa anacrónico desa grandeza, ao que lle poderíamos sumar os títulos, as vestimentas, os cerimoniais etc.

Gustoume moito que o noso bispo, Fernando García Gadi-

ñanos, nos transmitise que lle gustaría que se lle chamase simplemente irmán bispo Fernando (e así firma el todo canto escribe). Eu así o fago, tanto en privado coma en público. Ou que sexa el mesmo quen conduza o coche, cousa que deixa aleutos sobre todo as autoridades militares de Ferrol, que se asombran ao veren o bispo conducindo e non sentado no asento traseiro do automóbil.

Se quen isto lea ten a oportunidade de abrir unha Guía Diocesana calquera –ese caderno que recolle organismos diocesanos e os seus titulares–, igual quedará sorprendido vendo sucederse: Excmo. e Rvdmo., Ilmo. Sr. D., Rvdo. Sr. D., sempre que se trata de clérigos, e simplemente Sr. D. (que, se o pensamos ben, é coma dicir «Señor, Señor») para segrares. Seguro que nisto se segue sen máis un protocolo establecido, copiado quizais de fórmulas civís, e que moitos dos que así son nomeados, gustan de que simplemente os atúen con corazón. Pero aí queda. E aí queda a pesar de que expresamente nos evanxeos se nos advirte, cunha radicalidade sorprendente, que evitemos títulos como «señor

mestre», «pai», «dirixentes», porque son categorías que non nos corresponden, pois o que nos toca a nós é ser simplemente «irmás, irmáns», servidores, e así nos debiamos titular (cfr. Mt 23, 8-12).

As formas externas –vivedas, prendas, títulos etc.– acaban sendo con moita frecuencia, por non dicir sempre, elementos que van influíndo no interior dunha persoa, e axudando a moldear a percepción de nós mesmos, a nosa actuación incluso, aos aires que tales títulos evocan. E a que a xente nos considere envoltos nunha preeminencia que non nos corresponde para nada. Isto percibiuno e viviuno de forma excelente, con suma coherencia, o irmán Francisco de Asís, o pobre de Asís, que, grazas a Deus, segue a ser santo de referencia para toda a Igrexa.

7.- Catro nomes para a lembranza

En tempos de tanta banalidade –todos os tempos tiveron a súa–, a un descánsalle o corazón e refórzaselle o ánimo ollando para a vida de certas persoas, máis ou menos nor-

mais, sen grandes títulos ou ningún na súa tarxeta de presentación, pero que teñen o aquel de poderen axudar a manter viva a nosa esperanza. Seguro que cada lector ou lectora ten xa o seu monllo persoal deste tipo de xente; imos compartir algo de catro nomes, de catro vidas, que así o fixeron, dúas mulleres e dous homes.

Empecemos polas mulleres. A primeira chámase María Marina Cabado Díaz, de Abadín (Lugo). Hai xa un ano que morreu aos 92 anos. Muller de casa e familia. De casa en tempos que tiña un bar e libraría e certa forma de atracción da veciñanza. Muller coa escasa formación que as mulleres da súa xeración adoitaban recibir. Muller que soubo compensar esa limitación cunha intelixencia natural significativa e cun meritorio saber facer, saber influír, saber condicionar, saber avanzar.

Nos tempos do nacemento, crianza e vida adulta de Marina a sociedade era nitidamente machista, e ademais –diríase– a moita honra. Estaban ben definidos os roles masculino e feminino. A muller non figuraba nos momentos de reu-

nións, decisións que houbera que facer a nivel parroquial, e supoñíase que na casa quen tiña o mando era aquel a quen lle correspondía: o home.

Esa era a figura externa, pero a real podía ser ben outra, e así foi no caso de Marina, e de moitas máis mulleres das aldeas que coñeceu e coñece quen isto escribe. Aceptando este rol imperante nos seus tempos, souberon emerxer de si mesmas, empoderarse dicimos hoxe, para, aínda nese marco de dependencia, acabar sendo a alma dos fogares, o alento dos homes e mesmo a palabra silandeira ou non que acababa orientando, decidindo os camiños da casa, da familia, dos fillos. Vivían intensamente o presente e sabían albiscar e dispoñerse ao que viría.

Marina non foi muller especialmente crente. Érao coma o común da veciñanza. Pero canto do don de Deus levaba no seu corazón amante, na súa intelixencia natural, na súa vontade de ser e de persistir nos seus e no seu pobo! Graciñas, Marina.

A segunda muller chámase Isabel Requeijo Román, de Cabaneiro, tamén en Abadín.

Enterrámola nos primeiros días do 2025 con 94. Un caso moi distinto, en cousas, do da Marina. Aos dous anos unha fatídica enfermidade condenouna a unha dependencia extrema (sen se poder erguer nin camiñar), que houberon de afrontar ela mesma e os seus familiares máis directos. A maior de cinco irmáns, nunha Galicia rural tan frouxa economicamente, pero tan potente animicamente como o demostrou a mesma Isabel. Sen se deixar comer pola amargura, sen vitimizarse, aceptando a súa condición fisicamente limitada, soubo empoderarse tamén, como a Marina, pero aínda desde máis fondo, e pouco a pouco irse convertendo na alma da casa, da familia e mesmo da veciñanza que a vira medrar en tanta precariedade.

De onde sacou Isabel tanta enerxía? De si mesma unicamente? Non, unha persoa nunca se fai desde si soamente. Desde o alento familiar que a amparou. Desde as achegas de xente veciña que compartiron con ela axudas e ánimos. Desde uns servizos sanitarios cando se fixeron públicos e eficientes, desde unha lei da Dependencia minimamente eficaz... Todo o

cal Isabel soubo asumir, aproveitar e converter nun potente empeño de vida para a vida, propia e comunitaria. Desde unha cadeira de rodas, o seu único medio de transporte algo autónomo, soubo recorrer pistas rurais convocando xente para accións comunitarias, e tamén achegarse ata a Igrexa para animar celebración dos domingos cando o cura non podía ir. Unha muller potentemente empoderada tamén. Así ata o momento da súa morte.

Sabía eu que a Santa Comuñón lle sabía, e por iso, ela medio inconsciente xa, leveille o Sacramento de Cristo, que por ela tamén dera a súa vida, a súa morte e a súa resurrección. Sóubolle. Era o Deus no que sempre crera, ao que sempre servirá no que puidera, do que falaba con orgullo, con quen falaba na súa pregaría humilde, popular, que a sostivera tamén, e de que maneira, en tanta fragilidade, e que agora lle abría as portas do Alén. Ela orgullosa de Deus. Deus orgulloso dela. E nós dela e mais del. Deus sexa bendito!

O primeiro home é Xosé Vázquez García, capelán que foi do

centro penitenciario de Monterroso. Morreu tamén neste xaneiro. Soubemos del grazas as lembranzas que del fixo o noso querido Xaquín Campo Freire, tan metido el tamén no mundo da prisión en Galicia. Lembranzas que primeiro formaron un relato oral e que despois se converteron na suposta, pero ben real carta dun preso cheo de agradecemento pola presenza de D. Xosé no medio penitenciario e de quen nel busca dignidade. Carta na que o preso lle di ao seu irmán cura Xosé cousas coma estas:

Lémbrale aquelas palabras de Xesús: entra no gozo do teu Señor porque estiven no cárcere e viñeches verme, para preguntar e interesarte por min e polos meus. Agradece a súa disposición para falar con el, para escoitado sen condenalo máis do que xa está. Agradece que subese escoitalo e darlle sempre a palabra, cando outros lla quitan, por confiar nel e ensinarlle a confiar. O irmán cura recordáballe a San Xosé, acompañando procesos difíciles na súa familia. Escoitando e logo actuando. Sempre o vía co sorriso nos labios, coa bondade nos ollos, e a paz coa que sempre miraba

as persoas presas. E así anos e anos! Todos falan de ti, dicíalle, como un home bondadoso coa integridade dun home de Deus.

Tamén sabía escoitar os funcionarios nos seus sufrimentos, soidades e frustracións. Os apóstolos pasaron todos polo cárcere e o mesmo Xesús tamén. E ti, comentáballe, miráchesnos como miras a Xesús, na misa, na consagración. Non me esquezo da Nosa Señora da Mercé. Canto nos ensinaches a querela e a rezarlle!

E máis cousas así de sinxelas e preciosas. Un home, un crego que deixa un ronsel de alento e de paz en contextos onde é doado que se imponían a agresividade e o desalento.

Grazas dicimos tamén nós por vidas coma esta que devolven a esperanza.

E o segundo home é dun pouco máis lonxe: naceu en Amurrio, Álava, no 1936, e morreu en Madrid o 11 deste xaneiro de humildes óbitos de gloria. Falamos de Luís de Lezama Barañano, sacerdote, periodista, profesional da hospitalaría, emprendedor de mil iniciativas solidarias, escritor...

Podemos saber algo de todas estas actividades súas petando nas portas de *Google*, pero se quen isto lea quere conectar un chisco coa alma, co corazón deste crego vasco universal, como el di de si mesmo, recoméndolle especialmente a entrevista que lle fixeron no ano 2022 e que se atopa en *Youtube: La Visita con Luís de Lezama*. Paga moito a pena.

Luís de Lezama véñse de Amurrio a Madrid para cursar estudos. Alí, nos anos da postguerra, ve con moito pesar como hai xente e xente que o está pasando moi mal. E con 18 anos decide entrar no seminario. No ano 1962 é ordenado sacerdote. Cura en Chinchón; coñece e admira o traballo evangelizador do Padre Llanos no Pozo do Tío Raimundo. Cun estilo un tanto diferente, a solidariedade cos grupos sociais máis marxinais, sobre todo mozos, vai collendo corpo no seu ánimo, nas súas actividades. Cura dos *muletillas*, por afección ao toureo e por acompañar e apoiar a aprendices de toureiros, mociños de escasos medios de vida. Crea o primeiro albergue da mocidade; axúdanse para vivir reco-

llendo papel e roupa usada, e inicia procesos de reinserción mediante o traballo comunitario. Convive con mozos para promocionalos nas Escolas de Formación Profesional. Foi formador no seminario diocesano de Madrid e secretario (el dirá recadeiro) do cardeal Vicente Enrique Tarancón, do que garda un recordo entrañable, como un gran humanista crente, moi distinto do tipo de bispos que daquela abundaban en España. Estuda periodismo e cun grupo de persoas pon as bases do que sería a COPE, da que despois non sempre aplaudiu a orientación informativa.

No ano 1974 renuncia a exercer como cura de parroquia e funda a *Taberna del Alabardero*, na que eses mozos xogan un importante papel. Sería o comezo dun longo recorrido –ata a súa morte– no mundo da hostalaría, no que chegou a niveis insospeitados. Sempre promovendo unha mocidade máis ou menos marxinal, que se foi convertendo nun equipo de hostaleiros de algo nivel profesional. Rexentan e serven como tales o Palacio do Senado e o Palacio Real de Oriente. Espállanse as Tabernas del Ala-

bardero ata o mesmo Washington. No 1983 crea a Fundación Iruaritz Lezama, que se define como fundación sen ánimo de lucro, que busca dar formación integral a persoas no aspecto profesional, ético e relixioso. Desta fundación depende o grupo Lezama, que ten hoxe 22 restaurantes e dá traballo a 500 empregados. No 1993 funda a Escuela Superior de Hostelería en Sevilla, que no 2000 sería considerada como polo EURHODIP como a mellor escola.

Desde hai xa anos, Luís Lezama reincorporouse ao traballo pastoral fundando en Montecarmelo, Madrid, a parroquia de Santa María la Blanca, e un colexio concertado de 1.700 alumnos. Luís Lezama recoñece ter 21 fillos, rapaces adoptados por el cando algúns tiñan 6 e 8 anos.

En fin, todo un emprendedor, sempre desde a solidariedade, cunha fina sensibilidade relixiosa, que non se ve afoxada, parece, por tanto éxito, senón mesmo potenciada. Un modo de ser e de practicar solidariedade que rompe en parte cos formatos máis tradicionais, porque non recea vincularse

con xente de cartos, de fama, nos que seguramente atope bos apoios para tanto bo proxecto. El, por exemplo, casou a Xulio Iglesias e mantén con el e coa súa familia un cálida amizade. Quizais porque tamén os ricos merecen ser evanxelizados, e poida que soamente escoiten voces como as de Luís Lezama. A súa vida, afirma, animouna o Evanxeo e aquel precioso lema euscaldún: «*Izan zirelako gara eta garelako izango dira*» (Somos porque foron, e serán porque somos).

E pechamos esta Crónica compracéndonos nestas vidas que de verdade sementan esperanza, esa esperanza que tanto está en crise nos nosos tempos. Que ben que haxa quen aínda sosteña o presente e nos permita soñar. Grazas! E quedamos agardando o sucedido e vivido no Congreso de Vocacións que a CEE organiza en Madrid os días 7, 8 e 9 de febreiro. Están inscritas máis de 3.000 persoas (bispos, curas, consagradas/os, leigos/as). Un Congreso, así afirman, para «celebrar unha festa da Igrexa que a mostre como asemblea dos chamados».

Manuel Regal Ledo